

Concello	Código centro	Centro	Réxime	Código ciclo	Ciclo
Vigo	36018173	IES de Teis	Ordinario	CM12003	Perrucaría
Vigo	36018173	IES de Teis	Ordinario	CM14001	Explotación de sistemas informáticos
Vigo	36018173	IES de Teis	Ordinario	CS12002	Estética
Vigo	36018173	IES de Teis	Ordinario	CS14001	Desenvolvemento de aplicacións informáticas
Vigo	36018173	IES de Teis	Ordinario	CS14002	Administración de sistemas informáticos
Vigo	36024461	IES de Bouzas	Ordinario	CS07004	Son
Vila de Cruces	36020386	IES Marco do Camballón	Ordinario	CM10001	Soldadura e caldeiraría
Vilagarcía de Arousa	36012471	IES Castro Aobre	Ordinario	CM19001	Coidados auxiliares de enfermaría
Vilagarcía de Arousa	36013771	IES Fermín Bouza Brey	Ordinario	CM09001	Equipamentos electrónicos de consumo
Vilagarcía de Arousa	36013771	IES Fermín Bouza Brey	Ordinario	CM09002	Equipamentos e instalacións electrotécnicas
Vilagarcía de Arousa	36013771	IES Fermín Bouza Brey	Ordinario	CM16002	Electromecánica de vehículos
Vilagarcía de Arousa	36013771	IES Fermín Bouza Brey	Ordinario	CM17002	Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e conducción de liñas
Vilagarcía de Arousa	36013771	IES Fermín Bouza Brey	Ordinario	CS09003	Sistemas de regulación e control automáticos
Vilagarcía de Arousa	36013771	IES Fermín Bouza Brey	Ordinario	CS17002	Mantemento de equipamento industrial
Vilagarcía de Arousa	36018380	IES Miguel Ángel González Estévez	Ordinario	CS02002	Animación de actividades físicas e deportivas
Vilagarcía de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Ordinario	CM04001	Xestión administrativa
Vilagarcía de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Ordinario	CM06001	Comercio
Vilagarcía de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Ordinario	CS04001	Administración e finanzas
Vilagarcía de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Ordinario	CS04002	Secretariado
Vilagarcía de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Ordinario	CS06002	Xestión comercial e márketing
Vilagarcía de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Ordinario	CS14002	Administración de sistemas informáticos
Vilanova de Arousa	36019414	IES A Basella	Ordinario	CS18002	Química ambiental

Orde do 5 de xuño de 2006 pola que se constitúe o Colexio Rural Agrupado de Boqueixón-Vedra da provincia da Coruña.

Examinado o expediente sobre a constitución do Colexio Rural Agrupado de Boqueixón-Vedra, tramitado pola Delegación Provincial da Coruña.

Visto o Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21 de outubro), polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, e a Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG do 2 de setembro), que desenvolve o dito decreto.

Esta consellería, en virtude do establecido no artigo 6.3º do referido regulamento, aprobado polo Decreto 374/1996, e por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

DISPÓN:

Primeiro.-Constituír o Colexio Rural Agrupado de Boqueixón-Vedra, cos datos que figuran no anexo desta orde.

Segundo.-Integrar no Colexio Rural Agrupado de Boqueixón-Vedra os colexios e escolas, que se suprimen como tales, de: EEI de Lestedo (código 15001690), EEI de Camporrapado (código 15022656), EEI Sergude (código 15001720), CEIP San Félix de Sales (código 15018513), EEI San Xiao de Sales (código 15018525), CEIP de Sarandón (código 15018549), EEI de Trobe (código 15022437).

Terceiro.-Esta orde entrará en vigor o día un de xullo de 2006.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Provincia: A Coruña.
Concello: Boqueixón.
Localidade: Lestedo.
Enderezo: Centro Socio-cultural Camilo José Cela, Vilar s/n.
Centro: Colexio Rural Agrupado de Boqueixón-Vedra.
Código de centro: 15032571.
Zona educativa: Boqueixón.
Unidades: 5 EI, 2 EP.

Localidade	Postos de traballo	
	EI	EP
Lestedo	1	
Oural (Camporrapado)	1	
Sergude	1	
Sales (San Félix de Sales)		1
Sales (San Xiao de Sales)	1	
Sarandón		1
Trobe	1	
	Educación-física	1
	Filoxía inglés	1
	Audición e linguaxe	1
	Total postos	10

Orde do 8 de xuño de 2006 pola que se convocan bolsas para o alumnado universitario galego, descendente de galegos ou con residencia familiar en Galicia que, por causa sobrevida ou imprevista, teña dificultades económicas para continuar estudos.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro (BOE do 19 de xaneiro de 1988; DOG do 17 de febreiro de 1988), transferiulle á comunidade autónoma competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola comunidade autónoma e asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Decreto 62/1988, do 17 de marzo (DOG do 8 de abril).

A Lei 11/1989, do 20 de xullo (DOG do 16 de agosto), de ordenación do sistema universitario de Galicia, determina a constitución do sistema universitario de Galicia con tres universidades: a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, está a levar a cabo diversas accións de apoio económico ao alumnado de ensino universitario, coas cales se pretende favorecer a calidade, a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece, entre as súas liñas de acción, fomentar as relacións coa sociedade, potenciando canles e instrumentos eficaces que favorezan a conexión entre as universidades do SUG e o seu contorno. De acordo con isto, iniciáronse diferentes liñas estratéxicas, entre as cales cabe destacar o desenvolvemento da función social das universidades galegas, de maneira que, ademais da súa implicación na mellora dos sistemas de ciencia e tecnoloxía, de calidade do ensino, do uso sostido de recursos, desenvolva a súa capacidade para dar resposta ás demandas sociais e a súa implicación no traballo social e a cooperación para o desenvolvemento.

Tradicionalmente, as axudas e accións de apoio económico aos estudantes universitarios viñan sendo destinadas a aqueles alumnos e alumnas que acreditaban os mellores expedientes académicos como recoñecemento ao seu esforzo, e non se valoraba na mesma medida a necesidade urxente de recursos económicos, moitas veces motivada por causas sobrevidas e imprevistas.

Neste sentido, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pretende continuar a política de bolsas e axudas de carácter especial para estudantes galegos, descendentes de galegos ou con residencia familiar en Galicia, que cursen estudos universitarios de primeiro ou segundo ciclo conducentes a títulos universitarios de carácter oficial e validez nacional, que teñen unha finalidade simplemente paliativa e van destinadas a facer fronte a causas sobrevidas que polas súas circunstancias requiren dunha atención perentoria na obtención de recursos económicos que permitan a continuidade dos estudos universitarios dos alumnos afectados, sen pretender solucións plenas á problemática que poidan presentar.

Polo que antecede, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócanse, en réxime de concorrencia competitiva, bolsas e axudas para estudantes galegos, descendentes de galegos, ou con residencia familiar en Galicia, que cursen estudos universitarios de primeiro ciclo ou primeiro e segundo ciclo conducentes a títulos universitarios de carácter oficial e validez nacional, no curso 2006-2007, cunha necesidade urxente de recursos económicos motivada por causas sobrevidas e imprevistas que lles impidan ou dificulten a continuidade dos seus estudos, sen pretender solucións plenas á problemática que poidan presentar, sempre que as causas excepcionais non estean cubertas por outras convocatorias específicas.

En casos excepcionais, as alumnas e alumnos beneficiarios poderán solicitar a renovación da axuda na seguinte convocatoria. Para a concesión da axuda neste segundo ano seralles exixido un rendemento académico satisfactorio no cursado anteriormente.

Artigo 2º.-Orzamento.

Para a concesión das axudas convocadas nesta orde destinarase a cantidade total de 76.629 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 09.04.322C.480.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, sen prexuízo de poder ser incrementada de acordo coas disponibilidades económicas da consellería.

Artigo 3º.-Requisitos dos beneficiarios.

Poden solicitar estas axudas os estudantes universitarios que cumpran os seguintes requisitos.

a) Ser galego ou galega, descendente de galego ou con residencia familiar en Galicia cun mínimo de tres anos consecutivos e anteriores á data de publicación desta convocatoria.

b) Cursar estudos presenciais de primeiro ciclo ou primeiro e segundo ciclo conducentes a títulos universitarios de carácter oficial e validez nacional